Atendendo á orde 8 de setembro 2021 (Atención á diversidade), para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso elaborárase polo equipo docente e baixo a coordinación do profesorado titor un plan específico coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da/o alumna/o para tratar de superar as dificultades detectadas.

Realízase un seguimento e os axustes pertinentes en cada avaliación e ao final de curso informarase na avaliación final sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

1.2.9. Elementos transversais

Contribución ao Proxecto Lector

Este Departamento colabora ao Proxecto Lector coa proposta feita desde a Biblioteca do centro a dito plan.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Realización por parte do alumno de traballos sobre contidos determinados da materia.

Para o desenvolvemento de ditos traballos seguirán as pautas marcadas polo departamento. A información obterase a través de internet utilizando uns enlaces proporcionados polos profesores e tamén outros buscados por eles.

A presentación do traballo será en formato dixital.

1.2.10. Actividades complementarias e extraescolares

Este curso como actividade complementaria, e en colaboración co Club Tenis de Mesa de Narón e o Concello de Narón, vaise facer un Taller de Iniciación a dito deporte.

Tamén levaranse a cabo distintas liguiñas nos tempos de lecer.

1.3. 4º ESO

1.3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

1.Competencia en comunicación lingüística (CCL)

EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.

EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.

EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.

2.Competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.

EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.

EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.

EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.

EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.

EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.

EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.

EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.

EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.

EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.

EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.

3.Competencia dixital (CD)

EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.

EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.

EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.

4.Aprender a aprender (CAA)

EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.

EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.

EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.

EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.

EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.

EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.

EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.

EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.

EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.

EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.

EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.

EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.

EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.

EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma.

EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.

EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.

EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.

EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.

EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.

EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.

EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.

EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.

EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.

EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.

EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.

EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.

EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.

EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.

EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.

EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.

EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.

EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.

EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.

EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.

EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.

EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.

1.3.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Av.	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe avaliables	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos
1ª avaliación	Condición física e saúde: resistencia, forza e flexibilidade				
	<p><i>B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar.</i></p> <p><i>B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.</i></p>	<p><i>B1.1. Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.</i></p>	<p><i>EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.</i></p>	<p><i>Coñece a intensidade dos esforzos a realizar en cada parte da sesión de actividade física.</i></p>	<p>Observación diaria, lista de control.</p> <p>Cuestionario.</p>
			<p><i>EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</i></p>	<p><i>Selecciona exercicios de quecemento e volta á calma específicos.</i></p>	
			<p><i>EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</i></p>	<p><i>Prepara e realiza de forma autónoma exercicios de quecemento e volta á calma específicos.</i></p>	
<p>B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden manifestarse na práctica deportiva.</p>	<p>B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á</p>	<p>EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.</p>	<p>Identifica diferentes lesións.</p>	<p>Cuestionario.</p> <p>Participación no II obradoiro de primeiros auxilios</p>	

<p>B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios.</p> <p>B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas.</p>	<p>actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadasas sobre a seguridade das persoas participantes.</p>	<p>EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.</p>	<p>Coñece o protocolo de actuación ante lesións deportivas e situacións de emerxencia..</p>	<p>Observación diaria, lista de control</p>
<p><i>B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionas coa saúde.</i></p>	<p><i>B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.</i></p>	<p>EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</p>	<p>Procura, procesa e analiza distintas informacións sobre temas vinculados á actividade física utilizando recursos tecnolóxicos.</p>	<p>Recompilación e posta en práctica de exercicios de quecemento e volta á calma para actividades concretas propostas polo profesor. Cuestionario.</p>
		<p><i>EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.</i></p>	<p><i>Elabora en formato dixital e presenta traballos seguindo pautas marcadas polo profesor.</i></p>	
		<p><i>EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.</i></p>	<p><i>Expón traballos e resolve dúbidas.</i></p>	
<p><i>B3.1. Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo teñen sobre a condición física e a saúde.</i></p>	<p><i>B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.</i></p>	<p><i>EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á</i></p>	<p>Coñece as características que deben cumprir as actividades físicas para que sexan saudables.</p>	<p>Cuestionario. Observación diaria, lista de control</p>

<p>B3.2. <i>Actividade física e saúde.</i></p> <p>B3.3. Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural.</p> <p>B3.4. Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física.</p>		<p><i>saúde individual e colectiva.</i></p>		
		<p><i>EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</i></p>	<p>Coñece exercicios de tonificación e flexibilización para compensar os efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</p>	
		<p><i>EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.</i></p>	<p>Coñece os efectos que provocan os hábitos pouco saudables na condición física e a saúde.</p>	
		<p><i>EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.</i></p>	<p>Coñece a importancia que a alimentación ten para a realización de actividade física.</p>	
<p>B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a melloralas.</p> <p>B3.6. <i>Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde.</i></p> <p>B3.7. Valoración e aplicación de</p>	<p><i>B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.</i></p>	<p><i>EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.</i></p>	<p>Recoñece a implicación das distintas capacidades físicas na realización de actividades.</p>	<p>Observación sistemática: lista de control de participación activa.</p>
		<p><i>EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</i></p>	<p><i>Practica de forma regular e sistemática actividades físicas co fin de mellorar as condicións</i></p>	

	<p>técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</p> <p>B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde.</p>			<p>de saúde e calidade de vida.</p>	<p>Probas físicas iniciais e finais.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p> <p>Cuestionario.</p>
			<p><i>EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.</i></p>	<p><i>Coñece os procedementos para mellorar a condición física de forma saudable.</i></p>	
			<p>EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.</p>	<p>Coñece a relación entre aptitude física e saúde.</p>	

Av.	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos
2ª avaliación	Bádminton				
	<i>B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar.</i> <i>B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.</i>	<i>B1.1. Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.</i>	<i>EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</i>	<i>Prepara e realiza de forma autónoma exercicios de quecemento e volta á calma específicos.</i>	Recompilación e posta en práctica de exercicios de quecemento para o bádminton. Observación sistemática: lista de control. Cuestionario.
	B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.	EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	Amosa tolerancia e respecto por todos os compañeiros/as valorando o nivel de destreza de cada un.	Observación sistemática: lista de control.
			EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	Mostra respecto na práctica das actividades físicas e é crítico cos comportamentos antideportivos.	
	<i>B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras,</i>	<i>B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.</i>	<i>EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias</i>	<i>Aplica as técnicas básicas do bádminton durante o xogo.</i>	Observación sistemática: lista de control. Realización de xogo real seguindo os fundamentos estudados previamente.

	<i>as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.</i>		<i>características.</i>		
	<i>B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos</i>	<i>B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.</i>	<i>EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.</i>	<i>Actúa aplicando o fundamento adecuado en función da actuación do adversario.</i>	<i>Realización de xogo real seguindo os fundamentos estudados previamente.</i>
			<i>EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.</i>	<i>Coñece distintas solucións ante situacións de ataque e defensa.</i>	
Aerobic					
	<i>B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións.</i>	<i>B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.</i>	<i>EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</i>	<i>Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</i>	<i>Observación sistemática: lista de control actitudinal.</i>
			<i>EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.</i>	<i>Traballa de forma coordinada co resto das persoas implicadas.</i>	
			<i>EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.</i>	<i>Presenta ideas e as pon en práctica.</i>	
	<i>B1.4. Valoración das</i>	<i>B1.3. Analizar criticamente o</i>	<i>EFB1.3.1. Valora as actuacións</i>	<i>Amosa tolerancia e respecto</i>	

<p>actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.</p>	<p>fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.</p>	<p>e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.</p>	<p>por todos os compañeiros/as valorando o nivel de destreza de cada un.</p>	<p>Observación sistemática: lista de control actitudinal.</p>
<p>B1.10. Técnicas de traballo en equipo. B1.11. Técnicas de traballo colaborativo.</p>	<p>B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas.</p>	<p>EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</p> <p>EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.</p>	<p>Valora as achegas dos compañeiros na realización das distintas actividades.</p> <p>Debate de forma razoada o seu punto de vista e fundamenta as súas achegas.</p>	
<p><i>B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade.</i></p>	<p><i>B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.</i></p>	<p>EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.</p> <p>EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.</p>	<p>Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.</p> <p>Elabora e representa composicións de carácter artístico-expresivo.</p>	<p>Preparación e realización dunha coreografía de aerobic.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p>

			EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	Utiliza técnicas corporais de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade axustándose ao obxectivo previsto.	
			EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	

Av.	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos
3ª avaliación	Voleibol				
	B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar. B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.	B1.1. Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	Prepara e realiza de forma autónoma exercicios de queceamento e volta á calma específicos.	Recompilación e posta en práctica de exercicios de queceamento para o voleibol. Observación sistemática: lista de control. Cuestionario.
	B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de	B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a	EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras	Amosa tolerancia e respecto por todos os compañeiros/as valorando o nivel de destreza de cada un.	Observación sistemática: lista de control.

	participante como desde o de espectador/a.	discriminación ou a competitividade mal entendida.	diferenzas.		
			EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	Mostra respecto na práctica das actividades físicas e é crítico cos comportamentos antideportivos.	
	<i>B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.</i>	<i>B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.</i>	<i>EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situación colectivas.</i>	<i>Selecciona e executa o xesto técnico apropiado á situación de xogo.</i>	Observación sistemática: lista de control. Realización de xogo real seguindo os fundamentos estudados previamente. Rúbrica de avaliación.
	<i>B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos</i>	<i>B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico-deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.</i>	EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	Actúa aplicando o fundamento adecuado en función dos compañeiros nas actividades de cooperación.	Realización de xogo real seguindo os fundamentos estudados previamente. Rúbrica de avaliación.
			<i>EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo</i>	<i>Actúa aplicando o fundamento adecuado en función de compañeiros e adversarios nas actividades de colaboración-</i>	Cuestionario.

		colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	oposición.	
		EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	Coñece distintas solucións ante situacións de ataque e defensa.	
		EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	Xustifica de forma razoada decisións que se poden tomar en situacións de ataque e defensa.	
Orientación II				
B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo.	B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadas sobre a seguridade das persoas participantes.	EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	Observación sistemática: lista de control.
B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras,	B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	Realiza un percorrido polo medio natural tendo en conta as súas posibilidades motoras e a súa seguridade.	Realización dun percorrido de orientación seguindo as indicacións da lenda.

	as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.		EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Adapta as técnicas de progresión aos cambios do medio tendo en conta a seguridade.	
	B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural. B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural. B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.	B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	Coñece o impacto das actividades físicas realizadas no medio natural.	Cuestionario.
			EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.	Coñece os beneficios que ten para a saúde as actividades físicas na natureza.	
			EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Coñece as normas de comportamento no medio natural.	

1.3.3. Concrecións metodolóxicas

Utilizaremos varios estilos:

- Mando directo: cando é necesaria unha organización da clase moi estereotipada; con contidos que teñan certo risco e sexa necesario un control do grupo; na aprendizaxe de habilidades específicas e técnicas nas que o rendemento motor é importante...
- Asignación de tarefas e grupos de nivel: cando buscamos execucións máis libres por parte do alumno/a, cando se formulan sesións e tarefas con diferentes graos de dificultade, progresións; en sesións e con contidos onde o proceso cobra máis relevancia que o resultado.
- Estilo recíproco e grupos reducidos: en actividades onde non só é importante a execución, senón a actividade como espectador ou observador; se queremos fomentar certa responsabilidade individual...
- Descubrimento guiado e resolución de problemas: en actividades onde a creatividade é importante, cando buscamos aprendizaxes onde o mecanismo de percepción e decisión é importante, para favorecer a exploración, o descubrimento, a participación individual con grande grao de liberdade por parte dos alumnos/as.

1.3.4. Materiais e recursos didácticos

Como materiais e recursos didácticos, o Departamento de Educación Física conta con un ximnasio de aproximadamente 8m.x18m. , unha pista polideportiva ó aire libre de 25m.x45m., e un pavillón polideportivo compartido con outro Instituto. O material dispoñible e abundante e consta de espaldeiras, bancos suecos, plintos, colchóns de ximnasia e de caídas, gomas elásticas, balóns medicinais, balóns de Baloncesto, de Fútbol, de Balonmán, de Voleibol e de goma de distintos tamaños, aros, cordas, picas, mazas, sticks e bolas de Hockey, raquetas e volantes de Bádminton, indiacas, aros de malabarismo, pesos, xavelinas de goma espuma de Atletismo e varios xogos de petancas. Material elaborado polo Departamento, a disposición do alumnado na Aula Virtual, Correo electrónico corporativo, Google Drive, Abalar.

1.3.5. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción

1.3.5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Ao longo da avaliación o alumno terá que realizar probas de contido teórico e/ou teórico-practico:

- Exames escritos: 3 puntos
- Traballos ou tarefas: 1 punto (cando non se realice ningún traballo ou tarefa nunha avaliación o exame puntuará 4 puntos, se non se fai exame o traballo puntuará 4 puntos).

- Probas prácticas individuais ou grupais: 4 puntos
- Traballo diario: 2 puntos
 - Actitude do alumno/a con respecto á actividade (actitude positiva ante a práctica, esforzo por superarse, utilizar roupa adecuada para a práctica...)
 - Actitude do alumno/a con respecto aos compañeiros, profesor, material e instalacións (respectar as normas, non interromper as explicacións, colaboración cos compañeiros, coidado do material e instalación, recollida de material...)

Cada vez que apareza unha conduta contraria as citadas anteriormente (non traer o material axeitado, falar durante as explicacións, falta de esforzo, non recoller o material...) terá un desconto de 0,2 puntos no apartado de traballo diario.

1.3.5.2. Criterios de cualificación

A cualificación que os alumnos obteñen en cada avaliación ven dada pola suma de tres notas que se corresponden cos seguintes apartados:

- Contidos teóricos: 4 puntos (40%).
- Contidos prácticos: 4 puntos (40%).
- Traballo diario: 2 puntos (20%).

O alumno suspenderá cando non realice algunha das probas da avaliación.

A cualificación dos alumnos **EXENTOS da parte práctica** (mediante a certificación médica actual que ten que indicar o tipo de lesión causante da exención, o tempo de recuperación e o tipo de actividade que non pode realizar) ven dada pola suma de tres notas que se corresponden cos seguintes apartados:

- Contidos teóricos: 4 puntos (40%).
- Contidos prácticos e traballo diario: 6 puntos (60%).
 - Caderno diario
 - O alumno terá que anotar todas as actividades que fan os seus compañeiros nas clases practicas no seu caderno, con aportacións persoais de algún contido seguindo as pautas que lle marque o profesor.
 - Preparación e explicación de algún contido concreto aos seus compañeiros.
 - Colaboración no desenvolvemento da clase, tarefas de arbitraje nos xogos... É obrigatorio que o alumno exento asista con roupa deportiva ás clases.

A nota final da materia será a media das tres avaliacións, o alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento (nota media inferior a cinco) terán dereito a unha proba de recuperación que puntuará 40%-60% (teoría-práctica) na que entrarán os seguintes contidos:

- Exame teórico dos contidos de condición física e saúde e dos deportes traballados (os apuntamentos atópanse na aula de Edixgal. Puntuará o 40%).
- Exame práctico que puntuará o 60%:

- Test de resistencia.
- Pasos e coreografías individuais de aeróbic traballadas durante o curso.
- Circuito de habilidades técnicas dos deportes traballados no curso

1.3.6. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Neste nivel non se contempla a posibilidade de que a materia de Educación Física **de 4º da ESO** quede pendente.

1.3.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas

Durante os primeiros días de clase os alumnos farán distintos test para avaliar o seu nivel inicial de condición física que marcará o traballo a realizar para a súa mellora, en sucesivas avaliacións, os primeiros días realizaranse distintos exercicios dos deportes que se van traballar para ver do nivel de execución do que parten.

Nas reunións de Avaliación inicial programadas no Centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na Xunta avaliadora.

1.3.8. Medidas de atención á diversidade

Actuacións para atender á diversidade e diferenzas individuais de xeito xeral:

- Ter previsto diferentes tarefas e progresións para aplicar en caso de dificultade da aprendizaxe e posibilidades de novos retos aos alumnos máis avanzados.
- Dar diferentes tipos de responsabilidades aos alumnos, tanto aos que teñen dificultades, problemas de saúde, lesións, coma aos máis hábiles, para que se sintan integrados no proceso.
- Realizar agrupacións que poidan favorecer a integración e a cooperación.
- Formular actividades que sexan do interese do alumnado.
- Reforzar positivamente as respostas do alumnado.

Especificamente e en relación a diferentes situacións que podemos atopar:

- Alumnado con problemas ocasionais de saúde, lesións etc.
 - Favorecer a súa participación nas sesións con respecto a outros aspectos que non sexan de práctica (responsabilidade co material, busca de información sobre os contidos, función de observador,...)
 - Adaptar o ritmo e a intensidade ás posibilidades reais de práctica.
- Alumnado con dificultades ou deficiencias físico-motoras:
 - Variar aspectos formais e funcionais dos deportes e actividades practicadas.
 - Facer máis fincapé en temas conceptuais.
 - Formular exercicios e tarefas compensatorias e actividades que non incidan sobre a musculatura, articulacións afectadas...

- Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Se establecen as medidas oportunas para estes alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e , e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito , establecemos a localización máis idóneas deles na aula, de forma que estean cerca do profesor e na medida do posible ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, pódense establecer todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación secundaria que permaneza un ano máis no mesmo curso:

Atendendo á orde 8 de setembro 2021 (Atención á diversidade), para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso elaborárase polo equipo docente e baixo a coordinación do profesorado titor un plan específico coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da/o alumna/o para tratar de superar as dificultades detectadas.

Realízase un seguimento e os axustes pertinentes en cada avaliación e ao final de curso informarase na avaliación final sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

1.3.9. Elementos transversais

Contribución ao Proxecto Lector

Este Departamento colabora ao Proxecto Lector coa proposta feita dende a Biblioteca do centro a dito plan.

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Realización por parte do alumno de traballos sobre contidos determinados da materia.

Para o desenvolvemento de ditos traballos seguirán as pautas marcadas polo departamento. A información obterase a través de internet utilizando uns enlaces proporcionados polos profesores e tamén outros buscados por eles.

A presentación do traballo será en formato dixital

1.3.10. Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo distintas liguiñas nos tempos de lecer.

2. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación

Avaliase a través do documento MD75010104 Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% e en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

3. Información ás familias

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos do IES As Telleiras, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/>

En adición ao anterior e como parte do sistema de calidade no que está inmerso o noso centro, cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo MD75010105, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.